



RESOLUCIÓN DO 02 DE MAIO DE 2025 DA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO POLA QUE SE AUTORIZA UN CURSO DE MARIÑEIRO/A PESCADOR/A A CONFRARÍA DE PESCADORES DE BURELA

ANTECEDENTES

O día 25/04/2025 a confraría de pescadores de Burela solicita ao servizo de Ensino e Titulacións Náutico Pesqueiras da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro un curso de mariñeiro/a pescador/a por existir un número elevado de persoas na Mariña Lucense interesadas en esta formación.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- Os Reais decretos 4189/1982, de 29 de decembro, 1283/1987 de 2 de outubro, 1378/1997 de 29 de agosto e 1749/1999 de 19 de novembro, ao abeiro das normas constitucionais, estatutarias e legais correspondentes, que traspasa á Comunidade Autónoma de Galicia funcións e servizos da Administración do Estado en materia de ensinanza profesional náutico-pesqueiras
- Real decreto 36/2014, do 24 de xaneiro, polo que se regulan os títulos profesionais do sector pesqueiro
- Orde do 31 de xullo de 2014 pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para a obtención das titulacións de mariñeiro/a pescador/a, patrón/patroa local de pesca e patrón/patroa costeiro polivalente na Comunidade Autónoma de Galicia e a súa corrección de erros
- Decreto 149/2024, de 20 de maio, polo que se modifica o Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar, establece que a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro correspóndelle a función de ordenación, dirección e coordinación das atribucións que ten asumidas a consellería en materia de ensino e titulacións náutico-pesqueiras e de lecer

De acordo con todo o anteriormente exposto, esta dirección xeral RESOLVE,

Autorizar a confraría de pescadores de Burela un curso de mariñeiro/a pescador/a a realizar do 26/05/2025 ao 09/06/2025

Primeira. Deberán presentar no servizo de Ensino e Titulacións Náutico-Pesqueiras da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro a documentación que se indica na Orde do 31 de xullo de 2014, xunto co xustificante de aboamento das taxas que outorgan o dereito ao exame.

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal





Segunda. A duración do curso de mariñeiro/a pescador/a non será inferior a 50 h lectivas, das cales 35h serán de coñecementos teóricos e 15h de contidos prácticos.

Terceira. Para a obtención da titulación de mariñeiro/a pescador/a o alumnado deberá superar satisfactoriamente unha proba de natación ademais dun curso sobre os coñecementos teóricos e prácticos establecidos no anexo II da Orde do 31 de xullo de 2014

Cuarta. Para presentarse ao exame final os/as alumnos/as deberán asistir con regularidade ás clases e non superar nun 10% a cota de faltas da carga lectiva.

Quinta. Rematado o curso o alumnado deberá superar un exame perante un tribunal nomeado pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar.

Sexta. Deberán tamén cumprir con todas aquelas condicións establecidas na Orde do 31 de xullo de 2014 para o desenvolvemento do curso.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada perante a consellería do Mar, no prazo dun mes, desde a notificación da presente resolución, segundo se dispón nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela,
A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Marta Villaverde Acuña
asinado dixitalmente

